

O LIBRO DAS SOLUCIÓNS

Michel Gondry, 2023

1218

ESTREA EN NUMAX: 29.12.2023 | V.O.S.G | +12 | 102 min

Marc foxe co seu equipo a unha pequena vila para rematar o seu filme coa súa tía Denise. Unha vez alí, a súa creatividade maniféstase nun millón de ideas que o sumen no caos. Marcponse a escribir O libro das solucións, unha guía de consellos para todos os seus problemas.

Filme traducido ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Un filme tenro e melancólico sobre un home fráxil»

Lee Marshall, SCREENDAILY



Entrevista con Michel Gondry: «Cando teño unha idea na cabeza, teño que executala. É vital»

Por Teresa Vena

Canto hai da túa propia experiencia na película? O que ves na película ocorre máis ou menos da mesma forma. Esta foi a miña motivación para escribir o guión. Quería incluír nel o que vivira durante os tres meses que traballei na posproducción do meu último proxecto. Tiña moitas ideas, algunhas moi orixinais, outras moi absurdas, e non conseguía organizarme. Isto fixo que a vida fose un inferno para a xente que me rodeaba.

Para un director, o proceso de facer unha película é máis importante que as propias obras terminadas? Si, porque nunca sabemos ata o final se realmente funcionará. Entre a escritura e o primeiro día de rodaxe, hai moitos pasos durante os cales podes recibir respostas negativas. Cando penso na miña próxima película, maréome un pouco. É coma se acabases de correr unha maratón e tiveses que empezar outra xusto despois.

O protagonista elixe facelo todo el mesmo, como componse a banda sonora. Gustaríache que facer unha película fose máis fácil, ou ter máis liberdade? Eu prefiro pensar no aparello que se inventou hai 130 anos para xerar imaxes en movemento e en que podo facer con el. Logo, por suposto, pode gustarche ou non. En canto a min, séguenme fascinando os aspectos técnicos. Sigo tentando entender como combinar dúas escenas cun corte e facer que funcione. Na vida real, non vemos as cousas con cortes; todo flúe. Nos sonhos, temos cortes ou cambios de escenario. Como evocar a sensación de que o tempo pasa na historia... Ese é o tipo de preguntas que me fago a min mesmo.

Cando estás inmerso neste proceso, do mesmo xeito que o teu protagonista, e tes tantas ideas ao mesmo tempo, como fas para concentrarte e seguir adiante? É unha especie de resistencia contra a oposición doutras persoas. Tiven que enfrontarme a moita oposición ás miñas ideas, o que me levou a reforzar a miña crenza en min mesmo. O feito de que algo poida non funcionar non é un obstáculo para min. E se realmente non funciona, polo menos tenteino. Por iso quero traballar coas miñas propias ideas: cando teño unha idea na cabeza, teño que executala. É vital.

Todas as túas películas son diferentes e tocan varios xéneros, desde a comedia ata a semi-ficción, o drama ou o documental. Hai algún xénero que aínda queiras probar? Gustaríame facer unha película de terror. Durante a pandemia, vin algunhas series, sobre todo historias criminais. Non son moi sás pero atrápante. Influíume tanto que quizá empezo a escribir algo similar.

Dedícaslle o filme á túa tía. A tía do protagonista tamén é moi importante na historia. Pensaba na miña tía mentres escribía o personaxe. Aínda así, non lle pedín a François Lebrun, a actriz que a interpreta, que imitase a miña tía. Non me interesa ningún intento de imitar alguén. Moitos biopics non logran atraparme por iso.